

INFORMACIÓN RELATIVA Á PROGRAMACIÓN

Paz Fernández García (2º, 3º e 4º ESO)	Marta Pumares Varela (1º ESO)
fernandezgarcia.paz@gmail.com Tf: 690038625	linguanasenra@gmail.com Mensaxería Aula virtual (alumnado) Mensaxería Abalar (familias)

Na nosa materia será de rigor unha correcta expresión tanto oral como escrita en lingua galega. Polo tanto a puntuación dos escritos realizados poderase ver reducida non máis dun 20% polas faltas de ortografía, expresión e redacción, ou por unha deficiente presentación:

- Faltas moi graves: solucións alleas ao sistema lingüístico galego (verbos compostos, y, j...). Descontarase 0,20.
- Faltas graves: solucións contrarias á norma lingüística (colocación pronome, b/v, h...). Descontarase 0,10.
- Faltas leves: solucións alleas ao estándar vixente, acentuación. Descontarase 0,05.

Teremos en conta:

- **PROBAS ESCRITAS:** (70% da nota). Realizaranse, como mínimo, dúas probas obxectivas por avaliación nas que se recollerá o que o alumnado debe ter aprendido a partir do traballo desenvolvido na aula ao longo de cada trimestre.
- **USO DA LINGUA ORAL E PRESENTACIÓN DE PROXECTOS:** (10% da nota). Os membros deste departamento terán en conta un aspecto fundamental á hora de avaliar os resultados definitivos do alumnado con carácter xeral para todos os niveis de ESO: nas clases de Lingua e Literatura é obrigatorio o uso da lingua galega, tanto na fala como na escrita. O feito de negarse a utilizar a lingua galega na aula, nos exercicios, traballos ou exames escritos ou orais, suporá a valoración negativa da materia.
- **LECTURAS:** (10% da nota). Realizarase unha proba de lectura por avaliación. Esta proba poderá estar incluída nos propios exames de avaliación, nun exame á parte, ou mediante a entrega dun traballo. A opción queda suxeita ao criterio de cada profesor. En calquera dos casos, valorarase que, efectivamente, o libro estea lido e comprendido.
- **TRABALLO E ACTITUDE RESPECTO DA MATERIA:** (10% da nota). Serán factores a ter en conta na cualificación do alumnado: a asistencia e o traballo na clase, a participación no desenvolvemento da vida docente das aulas diarias, traer regularmente á aula o material académico indicado, o cumprimento rigoroso das tarefas e responsabilidades encomendadas ao alumnado, tanto aquelas que se deban desenvolver na propia aula como aquelas que deberán ser realizadas na casa.

INFORMACIÓN RELATIVA Á PROGRAMACIÓN

Seguindo as instrucións da Orde do 27 de decembro de 2022 que modifica a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, desde o mes de xaneiro temos en conta estes aspectos na nosa Programación Didáctica:

- A sesión de avaliación final do alumnado de educación secundaria obrigatoria deberá realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.
- A sesión da terceira avaliación parcial na educación secundaria obrigatoria deberá coincidir con esa sesión de avaliación final.

Criterios sobre a avaliación e a cualificación do alumnado:

- ✓ Cada un dos apartados mencionados anteriormente, debe estar superado nun 40%. De non acadar esa porcentaxe, a materia constará como suspensa ata realizar a recuperación da(s) parte(s) correspondente(s).
- ✓ O valor preciso de cada apartado das probas realizadas indicárase no momento da súa realización ou explicación.
- ✓ No curso de 1º ESO a avaliación será continua e non se contemplan probas de recuperación trimestrais aínda que o profesorado poderá solicitar ao alumnado a revisión puntual do caderno de aula ou a demostración das lecturas obrigadas.
- ✓ No curso 2º ESO a avaliación será continua e non se contemplan probas de recuperación trimestrais.
- ✓ Nos cursos de 3º e 4º ESO realizaremos probas de recuperación daquelas partes nas que non se acadou o 40% esixido.
- ✓ A nota final de xuño será a media das tres avaliacións (ou recuperacións). No curso de 1º ESO o alumnado poderá subir esa media coa entrega de traballos voluntarios.
- ✓ Redondeo: no caso de que a media da avaliación dea como resultado unha cifra con decimais, o redondeo ao enteiro superior farase a partir de 0,6, e ao inferior con 0,5 ou menor decimal.
- ✓ No caso de non acadar o aprobado (4,6), haberá un exame final de recuperación. A nota será o resultado dun exame cos contidos explicados durante o curso e poderá incluír algunha cuestión relacionada coas lecturas do curso (en caso de que o alumnado non lese ningunha das obras propostas en cada avaliación), ou proba de expresión oral.
- ✓ O alumnado que poida perder o dereito a avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia sen xustificar, terá dereito a presentarse á proba final.
- ✓ En caso de que un alumno realice un exame, proxecto ou actividade fraudulentos, procederase á cualificación do mesmo con 0 puntos.
- ✓ Alumnado coa materia pendente: repartirase a materia en dúas probas que saíran das tarefas de repaso que levará o alumnado para a casa. De non superar as probas terán un exame final no mes de maio.